

Ola, familias !

Deixamos unha serie de recomendacións para que, na medida do posible (e a criterio de cada familia), podiades reforzar conceptos traballados ata o día de hoxe cos nenos e nenas nas vosas casas durante o tempo no que se prolongue este parón educativo.

- Aproveitar este tempo para estar cos nen@s e desfrutar con eles.
- Fomentar normas e hábitos de autonomía: ir sós ó baño, limparse, vestirse, espirse, poñer e recoller a mesa, ser autónom@s para comer, lavar e gardar a roupa no lugar correspondente, recoller o seu cuarto , facer pequenos encargos...É dicir, que boten unha man nas pequenas tarefas domésticas.
- Falar moito con eles de temas variados explicándolles as cousas e saber esperar a súa quenda, con calma e cunha linguaxe clara.
- Para afianzar os conceptos lóxico-matemáticos podedes :
 - Facer series de dous ou tres elementos
 - Xogar a contar obxectos (tapóns, cubos, pompóns...) e a clasificalos en función das súas propiedades.
 - Repaso dos números do 1 ao 10 na súa grafía e cantidade e ordenalos de forma crecente e decrecente
 - Realizar pequenas operacións sumando e restando con cantidades sinxelas.
 - Repartir diferentes elementos (fabas, tapóns , ceras...) en dous ou tres platos
 - Realización de puzzles, construcións ...
- Realizar actividades plásticas con distintos materiais (ceras, témperas, papeis ..)
- Para afianzar a lectoescritura:
 - Seguir coa identificación das letras en maiúsculas e minúsculas tanto graficamente como fonolóxicamente.
 - Xogar a palabras que comecen ou conteñan distintas letras, cos nomes propios...
 - Pequenas poesías, adiviñas ou trabalinguas.
 - Lerlles moitos contos e que sexan quen de recordar os acontecementos máis importantes, as súas personaxes, escribir o seu título, facer un debuxo do que máis lle gustou...

- Para a mellora da psicomotricidade fina:
 - Xogar con plastilina
 - Facer debuxo libre
 - Resgar papeis
 - Recortar con tesoiras
 - Abrir e pechar as cremalleiras dos abrigos
 - Usar pinzas da roupa
 - Transvase de líquidos dun recipiente a outro

Ademáis dos enlaces que podedes ver na web do cole, adxuntamos outros de interese aínda que de sobra sabemos que xa estades a empregar os recursos que nos facilita internet. Recordade que o xogo ó aire libre e o movemento é o que máis precisan os nosos nenos e nenas, e que nestes días non lles está permitido, así que ánimo!

- Fichas de trazo de las vocales: www.orientacionandujar.es
- Fichas de grafomotricidad: www.actividadesdeinfantilyprimaria.com
- www.algaida.es (3, 4 y 5 años)
- kalandraka.tv
- aulasgalegas.org

A disfrutar en familia, cociñar, cantar e bailar xuntos, facer zumba, ioga.... e moito ánimo!!!! Esperamos voltar pronto e encher de soños o risas as nosa aulas.

Unha forte aperta do equipo de Educación infantil.